



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

EDICTO

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
A POBRA DE BROLLÓN	1º-cuadrimestre-2025	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercer, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 27 de xuño ata 27 agosto de 2025, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
A POBRA DE BROLLÓN	1º-cuadrimestre-2025	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., e Caixa Rural Galega S.C.C.L.G en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que

acompaña ao documento cobratorio e remítilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación

Lugo, 11 de xuño de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M^a del Carmen López Moreno.

R. 1673

CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

A Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada con data 23 de xuño de 2025 ditaminou favorablemente a Conta Xeral do Concello de Carballedo correspondente ao exercicio económico de 2024, o que faise público, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, advertindo que durante o prazo de quince días os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunos.

Durante o antedito prazo poderá examinarse o expediente en horario de nove a dúas, de luns a venres, na Secretaría do Concello.

Carballedo, 24 de xuño de 2025.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1835

O CORGO

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 19 de xuño de 2025, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 4/2025, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de CENTO DEZASEIS MIL CATROCIENTOS OITENTA E TRES EUROS CON VINTE CENTIMOS (116.483,20 €), terceiro de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 20 de xuño de 2025.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 1807

A FONSAGRADA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE SEIS PEÓNS, DOUS PEÓNS-CONDUTORES, DOUS XEFES DE BRIGADA E TRES CONDUTORES DE MOTOBOMBA

Por acordo da Xunta de Goberno do Concello da Fonsagrada de 19 de xuño de 2025 aprobáronse as bases de selección para a contratación temporal de: seis peóns, dous peóns condutores, dous xefes de brigada e tres

condutores de motobomba, en virtude do Convenio Interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello da Fonsagrada para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2025, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

Tipo de contrato: Contrato laboral temporal

Duración: 3 meses

Sistema selectivo: Concurso - oposición

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP. Se o último día coincidise en inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org).

A Fonsagrada, 20 de xuño de 2025.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1808

Anuncio

MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 28/2025

O Pleno do Concello de A Fonsagrada, en sesión extraordinaria celebrada o día 19.06.2025, acordou a aprobación inicial do expediente de transferencia de créditos 28/2025, entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante dito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

A Fonsagrada, 24 de xuño de 2025.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1836

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E VIVEIRO DE EMPRESAS DO MES DE MAIO DE 2025

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 12 de xuño de 2025, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de MAIO, por un importe total de 5.783,48 € e a Xunta de Goberno Local, na mesma sesión, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, do mes de MAIO, por unha base imponible de (405,36 €), máis o IVE (85,13 €), o que fai un total de 490,49 €.

Segundo o disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento dos prezos públicos, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación. A presente publicación, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interporer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei

Reguladora da referida xurisdición. Tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A cobranza en período voluntario tanto do Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar como do Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, dos períodos indicados, terá lugar no prazo de dous meses contados a partir da finalización do período de exposición pública do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia -BOP-, transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos que correspondan, nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2023, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas/IBAN, designadas polos contribuíntes.

Friol, 20 de xuño de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1809

PALAS DE REI

Anuncio

Expediente 311/2025. Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida do lixo e RSU.

Publicación de aprobación provisional: BOP Lugo nº 103, do 07/05/2025.

Transcorrido o prazo de 30 días sinalado, non se presentaron reclamacións, polo que se considera aprobado definitivamente o acordo do Pleno do 20/03/2025 e procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza, de conformidade co previsto no artigo 17, apartados 3 e 4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

ARTIGO 1. Fundamento e natureza.

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Palas de Rei, establece a taxa pola prestación do servizo municipal de recollida e tratamento de lixos e residuos sólidos urbanos, a que se refire o artigo 20.4 s) do expresado Real Decreto Lexislativo, procedendo igualmente a dar cumprimento graduado ás obrigas impostas pola Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

ARTIGO 2.- Feito impoñible.

1.- Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria da recollida e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos.

O servizo poderá prestarse por xestión directa ou indirecta.

Considéranse incluídos nos servizos obxecto do gravame:

- 1.- A limpeza de solares ou locais dos cales os ocupantes se negan ou se resistan á orde de efectuala.
- 2.- A retirada de lixos, escombros e residuos que aparezan abandonados na vía pública.
- 3.- A recollida de mobles, afeños e trebellos inútiles escouras e cinzas de calefacción e calquera outros produtos ou materiais nos casos en que se solicita a prestación dos servizos municipais de recollida de lixos e residuos.
- 4.- Os desfeitos e residuos producidos en establecementos industriais e comerciais.
- 5.- A utilización dos vertedoiros municipais para o depósito e eliminación dos residuos que non foran realizados polo servizo de limpeza.
- 6.- No suposto de recollida diaria, xeral e obrigatoria en vivendas e locais comerciais, e obrigatoria en vivendas e locais comerciais, a obriga de contribuír existe dende o momento en que se presta o servizo na zona na que se sitúa a vivenda ou o establecemento.

Presúmese a utilización do servizo cando existe posibilidade de habitala vivenda ou de usar o local por contar con calquera dos servizos de subministro de auga, enerxía eléctrica ou sumidoiros.

Neste suposto, a taxa devindícase e nace a obrigação de contribuír o primeiro día de cada ano natural, calquera que sexa o tempo de duración do aproveitamento dentro do exercicio.

ARTIGO 3.- Suxeito pasivo.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vendas e locais situados nos lugares ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario, usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou precarista. Cando se trate de servizos prestados previa solicitude, será suxeito pasivo o solicitante, ou causante da prestación.

2.- Responderán solidariamente das obrigas do suxeitos pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

3.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores, ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4.- Beneficios fiscais.

Estarán exentos do pago da taxa aqueles contribuíntes nos que conorra algunha das circunstancias seguintes:

- a).- Os pensionistas que perciban ingresos anuais inferiores ao salario mínimo interprofesional vixente.
- b).- Estar en situación manifesta ou grave risco de exclusión local, segundo os informes sociais emitidos a este efecto.

Ata que funcione definitivamente o novo sistema de recollida e selección, de implantación progresiva, conforme ás modificacións legais recentemente operadas nesta materia, non se concederá ningunha bonificación dos importes das cotas sinaladas nas tarifas.

ARTIGO 5.- Bases de gravame e tarifas.

Actualización do IPC con redondeo de decimais á baixa.

Euro/ano.

- Vivendas en urbano: 54,00 €
- Vivendas en rústico: 51,00 €
- Perfumerías: 76,00 €
- Talleres de reparacións e vehículos: 85,00 €
- Establecementos de electrodomésticos: 85,00 €
- Pastelerías: 76,00 €
- Estacións de servizo: 184,00 €
- Talleres e industrias cárnicas: 85,00 €
- Supermercados: 212,00 €
- Bares e cafeterías: 96,00 €
- Bancos: 177,00 €
- Oficinas: 76,00 €
- Carnicerías: 85,00 €
- Pequeno comercio: 76,00 €
- Hoteis, hostais e restaurantes: 212,00 €
- Disco pub: 120,00 €
- Salóns de peiteado: 76,00 €
- Florerías: 85,00 €
- Resto de actividades industriais non establecidos expresamente: 76,00 €

ARTIGO 6.- Período impositivo e cobranza de cotas.

1.- O período impositivo coincidirá co ano natural e a el referíranse as cotas sinalas nas tarifas do art. 5 desta ordenanza. Tales cotas son irredutíbles, salvo nos casos en que a declaración de alta na prestación do servizo non coincida co ano natural, nestes supostos as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de semestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o de comezo do exercicio da actividade. Así mesmo, a devolución das cotas semestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nas casos de baixa na prestación do servizo deberá ser solicitada por este, e tramitarse conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos indebidos.

2.- A cobranza poderá realizarse en recibo conxunta coa taxa de sumidoiros e o servizo de abastecemento domiciliario de auga potables, estando obrigados ó pago as persoas que constan como titulares da vivenda ou local para os efectos de prestación do citado servizo de augas, de conformidade co disposto no art. 3 desta ordenanza. A alta no servizo de augas leva consigo a correlativa inclusión no Padrón de recollida de lixos.

No caso dos establecementos nos que se realicen actividades distintas da habitación das persoas, a cobranza poderá realizarse conxuntamente con outros tributos municipais que recaían sobre a actividade realizada ou o local no que se exerce.

3.- O Concello poderá establecer o réxime de autoliquidación nos supostos nos que este sexa aplicable.

ARTIGO 7.- Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lles correspondan estarase ó que dispoñan os artigos 77 e 22 da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Exencións en caso de catástrofe ou de infortunios públicos.

Cando se produzan situacións catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia.

O Alcalde será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes.

Cando existiran concesións ou contratos de servizo, comunicarse ás empresas adxudicatarias para que non efectúen as facturacións, asumindo o pago o concello en concepto de subvención co obxecto de garantir o equilibrio económico da prestación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

Considerando a excepcionalidade e os prazos introducidos pola nova normativa na materia, en cumprimento das Directivas europeas, e co obxecto de acadar progresivamente o nivel de financiamento legalmente esixido para a prestación do servizo, aplicaranse as novas tarifas a partires do 1 de xullo de 2025,

DISPOSICIÓN FINAL

Unha vez que se efectúe a publicación do texto íntegro da presente ordenanza no Boletín Oficial da Provincia entrará en vigor, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

Palas de Rei, 20 de xuño de 2025.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1810

Anuncio**Expediente 312/2025. Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de abastecemento de auga.**

Publicación de aprobación provisional: BOP Lugo nº 103, do 07/05/2025.

Transcorrido o prazo de 30 días sinalado, non se presentaron reclamacións, polo que se considera aprobado definitivamente o acordo do Pleno do 20/03/2025 e procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza, de conformidade co previsto no artigo 17, apartados 3 e 4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL N° 16 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA.**Artigo 1.- Fundamento e natureza.**

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 e

seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Palas de Rei, establece a taxa pola prestación do servizo municipal de abastecemento de auga, a que se refire o artigo 20.4 t) do expresado Real Decreto Lexislativo

Artigo 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a subministración de auga, nos termos especificados nas tarifas contidas no artigo 6º da presente ordenanza.

Artigo 3.- Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que se beneficien dos servizos ou actividades que constitúen o feito imponible da taxa.

2. Cando a subministración de auga beneficie ou afecte ós ocupantes de vivendas ou locais, terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios de ditos inmobles, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 4.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción das súas respectivas participacións das obrigas tributarias das mencionadas entidades.

3. Os administradores de persoas xurídicas que non realizaran os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.

b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.

c) En supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data de cese.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Beneficios fiscais.

Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda.

Artigo 6.- Cota tributaria.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a determinada nas tarifas seguintes (I.V.E. non incluído):

Epígrafe 1. Vivendas familiares. Tarifas:

1.1 Mínimo de consumo 45 m³/ab. Trim.: 0,581 euros/m³.

1.2 Exceso: 0,631 euros/m³.

Epígrafe 2. Comerciais:

2.1 Mínimo de consumo 45 m³/ab. Trim.: 0,581 euros/m³.

2.2 Exceso: 0,631 euros/m³.

Epígrafe 3. Industriais e obras:

3.1 Mínimo de consumo 45 m³/ab. Trim: 0,666 euros/m³.

3.2 Exceso: 0,719 euros/m³.

Epígrafe 4.

4.1. Cotas de conservación de acometidas de abastecemento: 0,359 euros/hab.mes

4.1.- Cotas de conservación de contadores: 0,430 euros /hab.Mes.

Epígrafe 5. Acometidas.

Establécense diferentes prezos dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabiá (euros) para lonxitudes de ata 5 metros:

Diámetro Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-beirarrúa (C)
3/4"	244,94	315,30	375,50
1"	266,57	336,39	395,84
1 1/2"	319,46	391,22	450,71
2"	381,61	450,71	510,91

Incremento no prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 metros:

Acometidas de máis de 5 m	Incremento euros/m (A)	Incremento euros/m (B)	Incremento euros/m (C)
3/4"	11,29	24,93	29,99
1"	13,23	26,90	31,82
1 1/2"	18,89	32,53	37,49
2"	31,72	45,34	50,39

Epígrafe 6. Contadores.

6.1 Instalación en batería de contadores ou similar (contador de 13 mm): 100,14 euros/ud.

6.2 Instalación en batería de contadores ou similar (contador de 15 mm): 100,14 euros/ud.

6.3 Instalación de contadores de diámetro de 20 mm: 127,10 euros/ud.

6.4 Instalación de contadores de diámetro superior a 20 mm: farase presuposto para cada caso.

6.5 Tarifa de contadores (sen colocación), tarifa:

Ø mm	Euros por unidade
15	71,90
20	99,43
25	161,89
30	226,37
40	351,00
50	766,68
65	950,43

Epígrafe 7. Desprecintado de contador: 22,94 euros/unidade.

Epígrafe 8. Conexión a rede de abastecemento e precintado de racores non colocados polo persoal do servizo: 22,94 euros/unidade.

Epígrafe 9. Comprobación do contador, a petición do abonado, con contador patrón: 22,94 €/unidade.

Artigo 7.- Devengo e período impositivo.

A taxa devengarase cando se presente a solicitude que inicie a prestación do servizo pertinente, que non se realizará sen que se efectuara o pago correspondente.

O período impositivo por subministración de auga será por trimestres naturais.

Artigo 8.- Réxime de declaración e ingreso.

Unha vez autorizada a conexión a rede municipal de subministración de auga ou o cambio de titularidade, o suxeito pasivo deberá practicar a declaración-liquidación (auto liquidación) conforme o sinalado na presente ordenanza. A taxa por subministración liquidarase trimestralmente mediante o correspondente padrón de auga aprobado polo órgano competente.

O cobro por subministro de auga realizarase mediante domiciliación bancaria, que é obrigatoria para tódolos abonados ó servizo. Debendo en todo caso facer efectiva a súa débeda dentro do prazo comprendido desde o día en que se inicie a xestión do cobro a través da entidade bancaria colaboradora ata o último día do mes

seguinte. As cotas non satisfeitas no período citado esixiranse mediante o procedemento de constrinximento e na forma determinada nesta ordenanza.

Artigo 9.- Notificacións das taxas.

A taxa de períodos sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

Xestión de cobros ós aboados morosos: 5,22 euros/unidade, en concepto de gastos ocasionados pola comunicación certificada dos recibos pendentes de pago.

Tódalas contías tributarias veranse gravadas polo I.V.E. correspondente.

Artigo 10.- Infraccións e sancións.

O Concello, seguindo procedemento establecido e dentro dos prazos outorgados para este caso, suspenderá a subministración:

a) Cando por parte do abonado fora negada ou entorpecida reiteradamente a entrada no domicilio ó persoal encargado da lectura dos contadores.

b) Cando non se pagara o importe dun trimestre pola subministración de auga. Todo isto sen prexuízo da súa esixencia mediante o procedemento de constrinximento.

En todo o demais, as infraccións e sancións en materia tributaria rexéronse polo disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Primeira. Exencións en caso de catástrofe ou de infortunios públicos

Cando se produzan situacións catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia.

O Alcalde será o competente para establecer procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes.

Cando existiran concesións ou contratos de servizo, comunicárase ás empresas adxudicatarias para que non efectúen as facturacións, asumindo o pago o concello en concepto de subvención co obxecto de garantir o equilibrio económico da prestación.

DISPOSICIÓN FINAL

Unha vez que se efectúe a publicación do texto íntegro da presente ordenanza no Boletín Oficial da Provincia entrará en vigor, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación."

Palas de Rei, 20 de xuño de 2025.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1811

Anuncio

Expediente 313/2025. Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais.

Publicación de aprobación provisional: BOP Lugo nº 103, do 07/05/2025.

Transcorrido o prazo de 30 días sinalado, non se presentaron reclamacións, polo que se considera aprobado definitivamente o acordo do Pleno do 20/03/2025 e procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza, de conformidade co previsto no artigo 17, apartados 3 e 4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL Nº 17 REGULADORA DE LA TAXA PO LA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

ARTIGO 1.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Palas de Rei, establece a taxa pola prestación do servizo municipal de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, a que se refire o artigo 20.4 r) do expresado Real Decreto Lexislativo

ARTIGO 2.- Feito imponible.

1.-Constitúe o feito imponible da taxa:

- a).- A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros.
- b).- A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede municipal de sumidoiros e o seu tratamento para depuralas se os vertidos se realizan a través da acometida á rede desde un inmovle.
- c).- A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede municipal de sumidoiros e o seu tratamento para depuralas se os vertidos se realizan a través da acometida á rede desde un depósito móbil.

2.- Non estarán suxeitas ás taxas as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

ARTIGO 3.- Suxeito pasivo

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria nos casos seguintes:

- a).- Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, o promotor, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.
- b).- No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios dos mencionados servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.
- c).- No caso de prestación de servizos do número 1.c) do artigo anterior, os que efectúen os vertidos.

2.-En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo o substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmoables, nestes poderán repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4.- Responsables.

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38, 39 e 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.- Cota Tributaria.

A cota esixirase de conformidade coas seguintes tarifas (IVE non incluído):

A) Aboados con subministración de auga potable para os metros cúbicos facturados en abastecemento de auga: 0,473 euros/m³.

B) Aboados sen subministración de auga potable. Cota fixa:

- Vivendas familiares: 22,18 euros/ab. trimestre
- Comerciais: 22,18 euros/ab. trimestre
- Industriais e obras: 41,48 euros/ab. trimestre.

C) Aboados con consumos en abastecemento de procedencia total ou parcial distinta á rede municipal:

Aquelas actividades económicas ou industriais que nos seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de saneamento un caudal superior ao consumido da rede, instalarán ao seu cargo aparatos para a medida do caudal vertido á rede de saneamento; dita medición servirá de base para a facturación do servizo por depuración de augas residuais.

De mutuo acordo entre Empresa e Concesionaria do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos de facturación.

A facturación será de acordo á seguinte tarifa:

Mínimo: 45 m³/ab. trimestre: 0,467 €/m³

Exceso: máis de 45 m³/ab. trimestre: 0,467 €/m³

D) Acometidas de saneamento para unha lonxitude máxima de 5 metros

- Gabia en terra: 472,56 euros/ud.
- Gabia en asfalto: 518,46 euros/ud.
- Gabia en beirarrúa: 576,73 euros/ud.

Tódalas contías tributarias veranse gravadas co IVE correspondente.

ARTIGO 6.- Exencións e bonificacións

Non se concederá exención ou bonificación algunha.

ARTIGO 7.- Devengo.

1.- Cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, entendéndose esta iniciada:

a).- Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida ou de vertido esporádico sen enganche á rede, se o suxeito pasivo a formulara expresamente

b).- Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede municipal de sumidoiros ou o vertido efectivo no suposto recollido no apartado 1 c) do artigo 2. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza pertinente e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que pode instruírse para a súa autorización.

2.- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración, son de carácter obrigatorio para tódalas fincas do municipio que teñan fachadas a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

ARTIGO 8.- Declaración, liquidación e ingreso.

1.- Os propietarios de edificios e vivendas ou, se é o caso, os usuarios do servizo están obrigados a presentar nas oficinas municipais as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuír.

2.- Igual obriga existirá nos cambios de titularidade dun edificio, vivenda ou local e cando se produza variacións físicas ou xurídicas que teñan transcendencia na orde tributaria.

3.- Tratándose de inmobles que non dispoñen de servizo domiciliario de auga, as altas serán efectivas no mesmo ano en que se produzan e as baixas, no ano seguinte a aquel no que se declaren. Unhas e outras deberán ser postas en coñecemento da oficina xestora da taxa dentro dos quince días seguintes a aquel no que se produzan.

4.- No caso de inmobles de nova construción, os promotores, ó mesmo tempo que solicitan a licenza de obras, instarán tamén a autorización para realiza-las obras de acometida á rede xeral de sumidoiros, acompañando un xustificante de ter pagado a cota de acometida correspondente.

5.- Os propietarios, usufrutuarios ou titulares de dominio útil dos inmobles que non sexan de nova construción, interesados na concesión de licenza de acometida á rede de sumidoiros, están obrigados a presenta-la correspondente solicitude de acometida, achegando o xustificante de pago.

6.- Si se realiza a acometida sen mediar solicitude, procederase a practica-la liquidación, esixindo o ingreso nos prazos previstos no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente de sanción.

7.- As solicitudes de baixas serán de efecto a partir do semestre seguinte ó da súa presentación.

8.- Unha vez autorizada a acometida, o cobro da taxa realizarase trimestralmente, conxuntamente có da taxa por subministración de auga, entendéndose efectuada a notificación das cotas coa aprobación do correspondente padrón aprobado polo órgano competente.

ARTIGO 9.- Infraccións e sancións:

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lles corresponden en cada caso, atenderase ó que se dispoña nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Exencións en caso de catástrofe ou de infortunios públicos.

Cando se produzan situacións catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia.

O Alcalde será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes.

Cando existiran concesións ou contratos de servizo, comunicarse ás empresas adxudicatarias para que non efectúen as facturacións, asumindo o pago o concello en concepto de subvención co obxecto de garantir o equilibrio económico da prestación.

DISPOSICIÓN FINAL: Unha vez a que se publique integramente o texto da presente Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia entrará en vigor, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

Palas de Rei, 20 de xuño de 2025.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1812

PANTÓN

Anuncio

CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE DÚAS (2) PERSOAS TRABALLADORAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO “PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES” A CONTRATAR POLO CONCELLO DE PANTÓN, NO MARCO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 (B.3.- PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO)

Nº POSTOS: 2

CARÁCTER DOS CONTRATOS: Laboral temporal, na modalidade de circunstancias da produción.

DURACIÓN: 6 Meses.

TIPO DE XORNADA: Xornada Completa (100%)

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Pantón ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello de Pantón deberá adiantarse por e-mail, copia da instancia dentro do prazo de presentación das solicitudes (emprego@concellodepanton.es). As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Pantón, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

As bases reguladoras do proceso selectivo de referencia poderanse consultar no taboleiro municipal de anuncios do Concello de Pantón e na súa sede electrónica.

Pantón, 18 de xuño de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1813

Anuncio

CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE UNHA (1) PERSOA TRABALLADORA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO “AUXILIAR DE ARQUIVO” A CONTRATAR POLO CONCELLO DE PANTÓN, NO MARCO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 (B.3.- PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO)

Nº POSTOS: 1

CARÁCTER DOS CONTRATOS: Laboral temporal, na modalidade de circunstancias da produción.

DURACIÓN: 6 Meses.

TIPO DE XORNADA: Xornada Parcial (75%)

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Pantón ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello de Pantón deberá adiantarse por e-mail, copia da instancia dentro do prazo de presentación das solicitudes (emprego@concellodepanton.es). As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Pantón, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

As bases reguladoras do proceso selectivo de referencia poderanse consultar no taboleiro municipal de anuncios do Concello de Pantón e na súa sede electrónica.

Pantón, 18 de xuño de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1814

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 13/2025

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 20/05/2025, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 13/2025 do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito pola cantidade de **9.639,65** euros, que se fai público resumido por capítulos:

Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	6.087.299,64	0	6.087.299,64
2	Gastos B. Correntes e Servizos	5.571.090,37	0	5.571.090,37
3	Gastos Financeiros	69.547,05	0	69.547,05
4	Transferencias Correntes	530.886,40	0	530.886,40
5	Fondo de continxencia	230.000,00	0	230.000,00

A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	4.571.107,98	+9.639,65 - 9.639,65	4.571.107,98
7	Transferencias de Capital	719.696,87	0	719.696,87
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	28.005,06	0	28.005,06
9	Pasivos Financeiros	194.082,06	0	194.082,06
Total		18.001.715,43	0	18.001.715,43

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.854.000,00	0	2.854.000,00
2	Impostos Indirectos	900.000,00	0	900.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	3.113.759,06	0	3.113.759,06
4	Transferencias Correntes	5.161.034,59	0	5.161.034,59
5	Ingresos Patrimoniais	512.809,02	0	512.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0.00	0	0.00
7	Transferencias de Capital	2.703.569,25	0	2.703.569,25

B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	1.506.543,51	0	1.506.543,51
9	Pasivos Financeiros	1.250.000,00	0	1.250.000,00
Total		18.001.715,43	0	18.001.715,43

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 20 de xuño de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1815

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 25/2025

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 20/05/2025, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 25/2025 do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito pola cantidade de **20.000** euros, que se fai público resumido por capítulos:

Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	6.087.299,64	0	6.087.299,64
2	Gastos B. Correntes e Servizos	5.571.090,37	+20.000 -20.000	5.571.090,37
3	Gastos Financeiros	69.547,05	0	69.547,05
4	Transferencias Correntes	530.886,40	0	530.886,40
5	Fondo de continxencia	230.000,00	0	230.000,00
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	4.571.107,98	0	4.571.107,98
7	Transferencias de Capital	719.696,87	0	719.696,87
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	28.005,06	0	28.005,06
9	Pasivos Financeiros	194.082,06	0	194.082,06
Total		18.001.715,43	0	18.001.715,43

ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.854.000,00	0	2.854.000,00
2	Impostos Indirectos	900.000,00	0	900.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	3.113.759,06	0	3.113.759,06
4	Transferencias Correntes	5.161.034,59	0	5.161.034,59
5	Ingresos Patrimoniais	512.809,02	0	512.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0.00	0	0.00
7	Transferencias de Capital	2.703.569,25	0	2.703.569,25
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	1.506.543,51	0	1.506.543,51
9	Pasivos Financeiros	1.250.000,00	0	1.250.000,00
Total		18.001.715,43	0	18.001.715,43

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 20 de xuño de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1816

XERMADE

Anuncio

PUBLICACIÓN PADRÓN SAF MES MAIO DE 2025.

Pola Xunta de Goberno Local do 18/06/2025 aprobouse o padrón correspondente o mes de MAIO DE 2025, da taxa da prestación do servizo de axuda a domicilio.

Dito Padrón queda exposto ó público nas oficinas económicas municipais durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será a 04/07/2025.

Xermade, 19 de xuño de 2025.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1817

XOVE

Anuncio

Resolución de aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo para o ingreso como persoal labroal fixo de unha (1) praza de socorristas en espazos naturais do concello de Xove persoal laboral fixo, modalidade fixo-descontinuo, incluída na oferta de emprego público do concello de Xove para o ano 2024.

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía núm. 2025/1173 de data 20.06.2025 a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria para o proceso selectivo excepcional para o ingreso como persoal laboral fixo de unha (1) praza de socorristas en espazos naturais do concello de Xove persoal laboral fixo, modalidade fixo-descontinuo, incluída na oferta de emprego público do concello de Xove para o ano 2024, co seguinte alcance:

<u>ADMITIDOS/AS</u>	<u>DNI</u>
Manuel Ángel Guillén Menéndez	****934**

<u>EXCLUIDOS/AS</u>	<u>DNI/NIE</u>	<u>Causa/s motivadora/s da exclusión:</u>
Rodío Duarte Araya	****214**	1

1.- Non presenta carné válido de socorrista en espazos acuáticos naturais.

As persoas excluídas poderán subsanar no prazo de dez (10) días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación da Resolución aprobatoria da Listaxe Provisional de admitidos / excluídos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, mediante a citada Resolución, aprobouse a composición do Tribunal responsable do proceso selectivo:

MEMBROS	IDENTIDADE
PRESIDENCIA	Elena Santos Rey, Interventora Municipal
SUPLENCIA	Lucía Sánchez Meitín, Socióloga
VOCALÍA	María José Sánchez Fernández, Monitora de natación e Socorrista
SUPLENCIA	Bernardo Rouco Galdo, Socorrista
VOCALÍA	Alberto Rapa Martínez, Técnico de Recursos Humanos concello de Xove
SUPLENCIA	Vanesa Santos Guerreiro, Administrativo
VOCALÍA	José Manuel Blanco González, Encargado de Instalacións Deportivas e Monitor de natación
SUPLENCIA	Rosa María Iglesias Guerreiro, Masaxista e Socorrista
SECRETARÍA	Víctor Voces López, Secretario Municipal
SUPLENCIA	Rosa Lage Canoura, Técnico Local de Emprego do Concello de Xove

Toda esta información estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello.

Xove, 20 de xuño de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1818

MINISTERIO DE FACENDA
BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – ABADÍN

Anuncio

Convocatoria de subvenciones por nacemento ou adopción de menor, anualidade 2025

BDNS (Identif.): 839592

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvenciones, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/839592>)

Primeiro.- Obxecto, finalidade e procedemento de concesión.

A presente convocatoria, que se desenvolverá a través do procedemento abreviado de concorrencia competitiva nos termos previstos no artigo 22 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, ten por obxecto establecer o réxime de concesión de axudas destinadas a subvencionar os gastos derivados por nacemento e/ou adopción de menor de cinco anos de idade para impulsar estratexias para fixar e fomentar o aumento da poboación municipal e o seu rexuvenecemento, evitando a despoboación do rural.

Segundo.- Período subvencionable.

O período subvencionable abrangue desde o 1 de decembro de 2024 ata o 30 de novembro de 2025.

Terceiro.- Aplicación orzamentaria, crédito orzamentario.

A aplicación orzamentaria á que se imputarán as axudas será a 231.48 do vixente orzamento.

O crédito orzamentario previsto para a presente anualidade 2025 será de 8.000,00 €.

Cuarto.- Contía da axuda e forma de pago.

A contía total será de 800,00 € por cada menor nado ou adoptado menor de cinco anos de idade.

Esta contía abonarase da seguinte maneira:

En efectivo e de maneira directa, unha axuda de 500,00 €.

En especie, mediante unha axuda de 300,00 € en cheques de compra en establecementos e comercios do termo municipal en gastos de alimentación, coidado e aseo persoal, vestiario, etc directamente relacionado co recén nado/a ou adoptado/a.

En todo caso, o recoñecemento do dereito de cobro á subvención, terá a consideración de subvención única e só se poderá conceder unha axuda por recén nado/a ou adoptado/a.

O pago da contía en efectivo realizarase mediante transferencia bancaria aos proxenitores ou adoptantes.

A asignación en especie para gastos relacionados co recén nado/a ou adoptado/a realizarase directamente ao establecemento ou local libremente elixido polos proxenitores previa presentación da factura correspondente a nome do Concello de Abadín.

Ditas facturas deberán cumprir os requisitos legalmente establecidos e deberán conter con suficiente detalle e descrición dos artigos mercados así como identificación dos proxenitores ou adoptantes.

O límite máximo a aboar con cargo a estas facturas será de 300,00 € por recén nado/a ou adoptado/a.

Quinto.- Gastos subvencionables.

Serán subvencionables os artigos relacionados co coidado e a crianza do bebé ou menor adoptado, tales como artigos de farmacia e parafarmacia; produtos e artigos de hixiene e de baño; produtos e artigos de alimentación; artigos de lactancia; artigos relacionados co seu coidado e roupa de bebé ou menor adoptado e calquer outro relacionado coas necesidades básicas e específicas do bebé ou menor adoptado.

Quedan excluídos expresamente os xoguetes e artigos de xogo.

Sexto.- Persoas beneficiarias e requisitos.

As persoas beneficiarias deberán cumprir os seguintes requisitos:

Estar empadroadas e acreditar a convivencia efectiva durante alo menos UN (1) ano de maneira continuada á data de nacemento ou adopción.

O recén nado ou menor adoptado deberá estar empadroado co proxenitor no momento da solicitude.

Acreditar documentalmente ter realizado gasto en artigos necesarios para o coidado e crianzo do recén nado ou menor adoptado en establecementos ou comercios locais.

Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas fiscais e tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, autonómica e local e coa Tesourería da Seguridade Social.

Non incorrer en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Sétimo.- Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes comenizará a partir do día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A presentación de solicitudes deberá presentarse dentro dos TRINTA (30) días naturais á data de nacemento ou adopción do menor. No caso de nacementos ou adopcións anteriores á publicación da presente convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes será de TRINTA (30) días naturais desde a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Oitavo.- Bases reguladoras.

O texto íntegro das bases pode consultarse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abadín: <https://abadin.sedelectronica.gal/>.

Abadín, 12 de xuño de 2025.- O Alcalde-Presidente, José M^a López Rancoño.

R. 1819

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XERMADE

Anuncio

Segunda convocatoria pública de subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal, ano 2024-2025

BDNS (Identif.): 841675

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/841675>)

Segunda convocatoria pública de subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal, ano 2024-2025, e convocatoria. Expediente 468/2025.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 18/06/2025 aprobáronse as bases da segunda convocatoria que de seguido se transcriben:

“BASES PARA A SEGUNDA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES MUNICIPALES A ENTIDADES PÚBLICAS O PRIVADAS PARA FOMENTAR UNHA ACTIVIDADE DE INTERESE MUNICIPAL, AÑO 2024-2025. EXPTE. 468/2025.

1.- DISPOSICIONES XERAIS

A presente liña de axudas insírese dentro das previsións reflectidas no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Xermade 2024-2026 (BOP nº 262 do 15/11/2023), código 3.1 da área 3 (Promoción Cultural) e código 5.1 da área 5 (Promoción e fomento do deporte), cos seguintes obxectivos:

Favorecer a iniciativa cidadá organizada para o desenvolvemento de eventos de natureza cultural, no respecto dos valores democráticos

Contribuír ao fomento das entidades deportivas municipais

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello de Xermade, para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ó fomento dos intereses peculiares do municipio. Ampárase no título competencial do artigo 25.2 l) e m) da lei 7/85 de 2 de abril de bases do réxime local na redacción dada pola lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da administración local –promoción do deporte e promoción da cultura–.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrancia competitiva, tal e como se define nas Bases da 44 a 51 de Execución do Orzamento.

2.- OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as actividades seguintes:

2.1- Promoción de actividades culturais: entendéndose por elas actividades tales como celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, eventos musicais, encontros, conferencias, estudos, e, en xeral, calquera actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores culturais.

O gasto derivado das subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase á partida 334.489 do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2025, e quedará limitado polo crédito existente no nivel de vinculación xurídica.

2.2- Promoción de actividades deportivas: Neste apartado foméntanse o deporte escolar, cursos, competicións, campus deportivos, e en xeral, actividades relacionadas coa promoción do deporte.

O gasto derivado das subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase a partida 334.489 do orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2025, e quedará limitado polo crédito existente no nivel de vinculación xurídica.

O crédito orzamentario destinado a subvencionar actividades reguladas nestas bases ascende a un total de 12.965,00€ (doce mil novecentos sesenta e cinco euros).

Serán actividades subvencionables ó abeiro das presentes Bases aquelas levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, salvo disposición expresa en contrario nas bases reguladoras das subvencións, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

Non se subvencionarán as actividades numeradas no artigo 19ª da Ordenanza reguladora do outorgamento de subvencións polo Concello de Xermade (BOP nº 45 do 24 de febreiro de 2007), ademais dos seguintes:

- investimentos reais, sendo o obxecto das subvencións reguladas nestas Bases a colaboración nos gastos de organización e desenvolvemento de actividades concretas.
- gastos de mantemento ordinario (teléfono, luz, auga, gas...).
- os desprazamentos con fins lúdicos ou de espallamento.
- actividades suxeitas a un Convenio de Colaboración co Concello, nin as que reciben outro tipo de achega municipal.
- cantidades satisfeitas ó Concello de Xermade polo uso das súas instalacións deportivas ou culturais.
- gastos relacionados con comidas, adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo e tabaco e outros produtos considerados lesivos para a saúde.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actividades e actuacións que inclúan - tácita ou implicitamente - contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá traer consigo a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrancia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

3.- BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nas presentes Bases persoas ou entidades públicas ou privadas xuridicamente constituídas así como as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados coma subvencionables, que teñan a súa sede social no termo municipal do Concello de Xermade e que cumpran as seguintes condicións:

- a) Carecer de fins de lucro.
- b) Desenvolver as súas actividades no termo municipal.

c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Xermade, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.

d) Estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Xermade, coa administración Estatal, autonómica e a Seguridade Social

e) Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, e concordantes da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios que leven a cabo actividades subvencionables de máis dunha das clases recollidas na Base 2ª, poderán solicitar subvención para cada unha delas.

Quedan expresamente excluídas desta segunda convocatoria aquelas entidades que resultasen beneficiarias na primeira convocatoria.

4.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

4.1.- Prazo: As solicitudes deberán presentarse no prazo de dez (10) días hábiles a partir do día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, podendo consultarse as bases completas na plataforma de Bases de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) e na sede electrónica municipal (<https://concelloxermade.sedelectronica.es>).

4.2.- A tramitación será telemática, en cumprimento do disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Xermade. A presentación producirá plenos efectos xurídicos sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido.

4.3.- Documentación que se deberá xuntar:

1. Solicitude, segundo modelos normalizados que se facilitará polo Concello, asinada pola presidencia da entidade, ou por quen teña conferida a delegación, e acompañada de fotocopia do DNI.

2. Memoria explicativa de todas as actividades que se pretenden levar a cabo, indicando en cada unha delas os seguintes puntos:

- Duración

- Lugares

- Equipamento necesario para a súa realización

- Persoal que se require para levar a cabo a actividade

- Orzamento de gastos da actividade (financiamento de fondos propios ou doutros organismos públicos ou privados)

3. Documento que acredite o número de socios, así como número dos mesmos no momento da solicitude.

4. Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento de representante para as relacións co Concello.

5. Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.

6. Copia dos Estatutos da entidade, agás que xa os presentasen con anteriormente no Concello. Neste caso, farase constar expresamente na solicitude.

7. Fotocopia do CIF, agás que xa o aportase con anterioridade.

8. Declaración de non ter solicitada nin concedida ningunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.

9. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, autorizando expresamente ó Concello para a comprobación da situación do solicitante respecto das obrigas tributarias e coa seguridade social.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días hábiles, arquivándose o expediente sen mais trámites de non efectuarse a mesma.

5.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO

5.1.- Subvencións para actividades culturais: Cada solicitante poderá obter 20 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

- Potencial número de persoas beneficiadas directamente polo conxunto das actividades programadas: 3 puntos como máximo.

- Colaboración co Concello no desenvolvemento das actividades programadas por este: 6 puntos como máximo.
- Nivel de autofinanciamento do programa ou actividade: 3 puntos como máximo.
- Implantación de programas e actividades estables e a súa traxectoria no tempo: 4 puntos como máximo.
- Diversificación na programación e interese xeral das actividades: 4 puntos como máximo

5.2.- Subvencións para actividades deportivas: Cada solicitante poderá obter 20 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de valoración como segue:

- Potencial número de persoas beneficiadas directamente polo conxunto das actividades programadas: 3 puntos como máximo.
- Colaboración co Concello no desenvolvemento das actividades programadas por este: 6 puntos como máximo.
- Nivel de autofinanciamento do programa ou actividade: 3 puntos como máximo.
- Implantación de programas e actividades estables e a súa traxectoria no tempo: 4 puntos como máximo.
- Diversificación na programación e interese xeral das actividades: 4 puntos como máximo.

En base ós criterios anteriormente expostos, o órgano instrutor formulará proposta motivada, que será sometida a informe da Comisión de Valoración.

A proposta do órgano instrutor establecerá, para cada unha das categorías de subvención, e de acordo coa puntuación obtida por cada solicitante, unha orde de puntuación. A proposta de concesión de subvencións ós diferentes solicitantes deberá ter carácter proporcional coa puntuación obtida polos solicitantes, de modo que, a maior puntuación, maior será a contía da subvención.

A suma global acadada será tida en conta para a concesión das subvencións do seguinte modo:

- De 20 a 15 puntos, poderase subvencionar ata un 80 % do orzamento.
- De 15 a 10 puntos, ata un 60 %
- De 10 a 5 puntos, ata un 40 %
- De 5 a 0 puntos, ata un 20 %

A contía total da subvención non superará os 2.800 euros por entidade.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade. Este suposto dará lugar a unha modificación da resolución de concesión.

6.- ÓRGANO INSTRUTOR E ÓRGANO COLEXIADO

6.1.- O órgano instrutor será o técnico local de emprego do Concello de Xermade ou o/a funcionario/ que o substitúa, en caso de ausencia.

6.2.- A Comisión de Valoración de Subvencións procederá a informar proposta de concesión de subvencións formulada polo instrutor, segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de Valoración de Subvencións terá a seguinte composición:

- Presidente: o alcalde ou persoa en quen delegue.
- Vogais: os/as concelleiros/as delegados/as de cultura e facenda.
- Secretaria: o/a secretario-interventor do Concello.

7.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

Posteriormente á proposta informada pola Comisión de Valoración de Subvencións, a proposta pasará á Intervención Municipal para súa fiscalización.

Informada a proposta pola Intervención, a Xunta de Goberno Local concederá as subvencións mediante resolución na que se especifique a relación de solicitantes ós que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver será de un mes contado a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

O outorgamento das subvencións notificarase ós interesados de acordo co establecido nos artigos 40, 41, 42, 43 e 44 da Lei 39/2015. A resolución da concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante un prazo dun mes.

No prazo máximo de quince días dende a notificación da concesión, o Concello de Xermade procederá ao abono dun anticipo prepagable do 50% do importe da subvención a todos os beneficiarios que o soliciten. O 50% restante farase efectivo unha vez se proceda á correcta xustificación do emprego da cantidade total concedida da maneira que se regula no apartado referente á xustificación da subvención (reducíndose proporcionalmente no caso de que a xustificación sexa parcial).

Tendo en conta que a obtención concorrente de subvencións doutras Entidades públicas ou privadas en ningún caso poderá superar o custo da actividade, de ser así, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión.

8.- OBRIGAS DA BENEFICIARIA

As beneficiarias das subvencións terán que atermos ás seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
2. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para elo, tanta información lles sexa requirida.
3. Facer constar, naquelas actividades subvencionadas, que as mesmas contan con subvención do Concello de Xermade, coa expresión “Colabora Concello de Xermade”, e empregar a lingua galega en todos aqueles soportes que -ao uso- utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado.
4. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.
5. Xustificar o gasto realizado como máximo o día 15 de novembro do ano 2025 de acordo co previsto nas presentes Bases.

9.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación, que será baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación na sede electrónica do Concello, como máximo ata o día 15 de novembro de 2025, do modelo normalizado que se facilitará no Concello, acompañado da seguinte documentación:

1º. Unha memoria das actividades desenvolvidas, acompañada dos documentos que xustifiquen a realización das mesmas (noticias de prensa, fotografías, trípticos, carteis, etc.). No caso de que non fose posible achegar algún destes documentos, xustificárase a súa ausencia.

2º. Certificación da secretaría da entidade, co visto e prace da presidencia, no que se indiquen as subvencións concedidas á Entidade para a realización das actividades subvencionadas.

3º. Relación de gastos, acompañada de facturas orixinais ou copias compulsadas, cuxos conceptos definan claramente a actividade realizada, polo importe total da subvención concedida, achegando declaración da beneficiaria de ter realizado o fin para o que foi concedida a subvención. Achegaranse tamén os xustificantes de pago (no caso de que o pago se realizase en efectivo, na factura constará o “recibín” asinado polo proveedor).

- No caso de prestacións persoais de servizo, acreditación mediante nómina, factura ou calquera outro medio admitido en dereito.

- No caso de gastos de material, subministracións, etc., orixinal ou fotocopia cotexada das facturas (ou documentos acreditativos do gasto substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do Real Decreto 1496/2003) representativas dos gastos realizados. As facturas deberán conter, como mínimo, os seguintes requisitos:

-Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.

-Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.

-Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención, debendo estar estendidos ó nome da Entidade ou, no seu caso, ó do Presidente da agrupación sen personalidade xurídica.

-Descrición, polo miúdo, do servizo prestado.

-Número de factura, data e lugar de emisión e denominación de “factura”.

Unicamente serán subvencionables os que respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase á redución da subvención concedida ata que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificados pola beneficiaria non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á seguridade social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobro total da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades previstas na Lei de Subvencións de Galicia.

10.- RENUNCIA

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

11.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, dará lugar á cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

12.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

13.- OUTRAS DISPOSICIÓNS

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto en:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 29/ 1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.
- Lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R. D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases 44 a 51 das de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2025.

*NOTA: A todos os efectos, en caso de erro, terá prioridade o texto publicado na lingua cooficial.

Xermade, 20 de xuño de 2025.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1820